Traballo de apoio

Unidade 2

1. Que paralelismos poderías establecer entre *a Xénese* bíblica e a literatura clásica?

2. Investiga que diferenzas de concepción sobre a historia hai entre Heródoto e Tucídides.

3. Recompila os nomes literarios das amadas da lírica elexíaca latina.

4. En que xéneros literarios destacou Cicerón?

5. Investiga que principios básicos inspiraba a Prisciliano.

Exercicios para realizar a partir da selección de textos (unidade 2):

6. Sobre o texto (2): *Odisea.* Que trazos típicos da épica poden ser citados neste texto?

7. Sobre o texto (3): *Himno de Afrodita*. Realiza un breve comentario sobre o seu contido

8. Sobre o texto (6): *Metamorfoses*. Por que se pode definir como *metamorfose*?

9. Sobre o texto (7): poema de Catulo. Le o texto e indica o seu tema

10. Sobre o texto (9): *Canción secular*. Realiza un breve comentario sobre o seu contido

Unidade 2. Respostas ao traballo de apoio

1. Na *Xénese*, como relato de formación do universo, destaca o paso do Caos ao Cosmos. Esta variación cosmogónica ten paralelismos co relato da *Teogonía* de Hesiodo e, na literatura latina, co que nos conta Ovidio ao comezo das *Metamorfoses.* Por outra banda, esta cosmogonía é común aos repertorios mesopotámicos, hindús, etc.

Outro paralelismo que se pode establecer é o da creación do ser humano, Adán e Eva, ou Prometeo e Pandora, de Hesiodo (tamén Ovidio, na obra citada, recolle con matices isto).

Os irmáns enfrontados, Caín e Abel, terían como correspondencia en Roma a Rómulo e Remo, por exemplo.

Á parte, debemos sinalar o motivo do diluvio, quizais de procedencia mesopotámica, tamén recollido en Grecia. O personaxe de Noé ten equiparación co Utnapishtim mesopotámico e o Deucalión e Pirra gregos.

2. Herodoto e Tucídides son historiadores do século –V, o segundo uns anos posterior. Herodoto, autor das *Historias*, fai unha historia de diversos pobos organizada en sucesións de relatos desde os tempos pasados, con longos *excursus* ou comentarios xeográficos, etnográficos, relixiosos, etc. e con atención a elementos míticos e lendarios. A pesar diso, trata de racionalizar as explicacións históricas, construíndo un relato cargado de *lóxica*. Foi considerado por Cicerón *pai da historia*.

Tucídides, autor da *Historia da Guerra do Peloponeso,* céntrase na súa contemporaneidade e ten como propósito investigar e analizar os procesos de fondo que moven os acontecementos históricos. Procura, desde esta perspectiva, dar unhas explicacións desprovistas de consideracións relixiosas ou morais, e cun criterio onde destaca un racionalismo desmitificador. Con el nace a historia política.

3. Serían, seguindo o esquema de Lesbia para Catulo, Delia e Némesis para Tibulo, Cintia para Propercio e Corina para Ovidio.

4. Cicerón destacou en retórica e oratoria, filosofía e literatura epistolar.

5. Sintetiza moi ben, como resposta, o seguinte texto: «Nos opúsculos de Prisciliano aparece a profisión de fe católica, pero hai referencias favorábeis á metempsicose, preexistencia da alma, e a un "parentesco" da natureza humana e a terra. Isto tivo nos "galeguistas" dos anos vinte unha repercusión positiva; era como o recoñecemento dun certo panteísmo cultural dos galegos. Ver no priscilianismo unha protesta social e un intento de inculturación da fe na realidade da Gallaecia fronte a un episcopado adicto a elites romanizadas non é desacertado. A Prisciliano non o condenaron por herexe, acusárono de herexe. Foi un "disidente" (…)» (en Francisco Carballo. *A Igrexa galega.* Edicións A Nosa Terra. Vigo, 1995. Páx.17).

6. Corresponde ao inicio da *Odisea* de Homero. Común aos poemas épicos é a invocación inicial, aquí dirixida á Musa. Faise alusión ao heroe, cun certo distanciamento (ocorría xa no *Poema de Gilgamesh*): "daquel home". Un distanciamento físico e temporal, e literario. Lembremos que Ulises, a diferenza dos demais heroes fundamentais da épica antiga (Gilgamesh, Aquiles, Eneas), non ten a compoñente divina no seu nacemento. A *Odisea*, tamén neste aspecto do modelo de heroe, igual que noutros elementos, presenta máis *humanismo* racional cá *Iliada.* É un heroe viaxeiro, e cítase expresamente esta palabra, trala guerra de Troia. Son esas

peripecias que vai defrontando, a experiencia acumulada de tanto "andar errante" ("viu", "coñeceu", "padeceu", aspectos paralelos a Gilgamesh), e a súa superación constante, as que lle dan a dimensión heroica. No seu caso, non se trata de superar todos os obstáculos na terra, como aconteceu en Troia, senón no mar, na compañía dos seus seguidores que , "insensatos", por actuaren contra a divindade, "pereceron debido ao seu desvarío".

Fundamental é o tema do regreso ou volta á terra de nacemento, Ítaca, onde agardan os seus desde hai anos: sobre todo Penélope, a súa esposa, e Telémaco, o seu fillo, expostos ambos á cobiza duns pretendentes que día tras día dilapidan o seu patrimonio e esperan casar coa súa muller (pensaban que morrera Ulises).

Acaba este fragmento, de novo coa invocación á musa, para que dea inicio ao propio relato das aventuras ("comezando por onde a ti mellor che pareza").

Á parte da métrica dos hexámetros, definidora da épica antiga, temos un exemplo estilístico ou de recursos, como é o epíteto "o das mil estrataxemas" referido a Ulises, prototipo da intelixencia e o enxeño.

7. Este poema de Safo é un himno a Afrodita, deusa do amor. É unha invocación ao amor, tema fundamental na lírica de Safo, e un rogo ou oración ("prégoche") a que co seu poder asista ao "eu" do texto, aflixido e dorido ("dor no corazón"). A propia deusa intervén directamente e, ao final, de novo, o "eu" solicita a súa colaboración ("sé a miña aliada"). Como é habitual en moitos dos fermosos poemas de Safo, representante da lírica monódica, o tema do amor como forza irresistible aparece tratado nun ton apelativo.

8. En coherencia co título da obra de Ovidio, aquí prodúcese unha mutación ou cambio. Nun contexto de caza, un can (de nome Lelaps) acábase transformando ou metamorfoseando nunha peza de mármore.

9. O tema é o desacougo amoroso. Nos *Carmina* de Catulo, a relación amorosa con Lesbia ten varias fases, unha de intensa paixón, outras de ruptura, outras de reconciliación, de dúbida. Aquí estamos nun dos momentos de inquedanza e indefinición por parte do poeta con respecto a Lesbia, unha etapa de crise pero, á vez, de presenza do amor.

10. Este texto de Horacio é o *Carmen Saeculare, o Canto Secular* de homenaxe a Roma e ao propio Augusto. Contén unha invocación inicial aos deuses protectores da propia Roma, Febo Apolo e Diana. Esta protección divina coincidía coa do propio emperador. En tono laudatorio ou encomiástico, Roma aparece cualificado como *podente*. Ás divindades pídeselles protección e amparo. Hai unha mención explícita á política de rexeneración emprendida por Augusto, o cal exemplifica o papel que a literatura cumpriu como mecanismo propagandístico do poder (é a "literatura comprometida", que non é cousa só da contemporaneidade). Alúdese ás leis matrimoniais, ás medidas agrarias, á xuventude e á necesidade de restaurar tradicionais costumes , aspectos levados a cabo durante a "pax augusta". A conexión do poder político co mito, Augusto con Eneas, argumento primordial da política cultural xerada polo círculo de Mecenas, aparece ao final do poema. A mención de Apolo, protector de Troia e agora de Augusto, é sintomática para acentuar aínda máis dita conexión. A alusión e enumeración, dun xeito didáctico,dos valores tradicionais pechan en forma de conclusión este texto invocativo e apoloxético.